

MESA SECTORIAL DO 30 DE DECEMBRO DE 2022

Réxime transitorio de selección de persoal temporal facultativo especialista de área

CIG-Saúde non apoiou a proposta do SERGAS e esixiu que unha vez rematado o réxime transitorio o 12/01/2023, que se apliquen as normas do pacto de selección temporal de FEAs, cunha oferta centralizada da contratación.

O SERGAS presenta unha proposta de prórroga das medidas transitorias de determinado persoal temporal de FEAs de atención hospitalaria.

1. Crearase unha bolsa específica por distrito coas persoas que reúnan os seguintes requisitos:
 - ✓ Ser beneficiaria da garantía de estabilidade do Acordo de réxime transitorio do pacto de FEAs.
 - ✓ Prestar servizos o 12 de decembro de 2022, excepto nas especialidades de Cirurxía ortopédica e traumatoloxía, e Medicina interna, que será o 4 de outubro de 2022.
2. Chamarase con carácter prioritario ás persoas incluídas nesta bolsa específica para calquera nomeamento dentro dese distrito.
 - ✓ A orde de prelación desta bolsa específica será polos servizos prestados na especialidade dentro do distrito.
3. Dentro da bolsa específica de cada distrito ofertaranse contratos de longa duración a quen teña vínculo de curta duración. No caso de contrato de gardas ofertaranse como mellora os contratos de curta duración.
4. As persoas incluídas nunha bolsa específica poderá recibir ofertas doutros distritos a través da lista xeral do Pacto de selección temporal de FEAs.
5. Poderán renunciar sen penalización a ofertas doutros distritos.
6. Causas de exclusión da bolsa específica dun distrito:
 - ✓ Renunciar a un contrato nese distrito.
 - ✓ Aceptar un contrato noutro distrito.
7. No caso de indispoñibilidade de aspirantes na bolsa específica, ofertaranse os contratos a través das listas vixentes de selección temporal de FEAs.
8. Vixencia das bolsas específicas de distrito:
 - ✓ Aplicaranse para os contratos posteriores ao 12 de xaneiro de 2023.
 - ✓ Extinguiranse cando finalice o prazo de toma de posesión dos procesos selectivos de estabilidade derivados da Lei 20/2021

Non houbo acordo na Mesa sectorial, e o SERGAS aplicará estas medidas de forma unilateral, que serán publicadas no DOG antes do 12 de xaneiro de 2023.